



CONCELLO DE PONTEAREAS

REXISTRO SAÍDA

2017-S-RC-1361

09/03/2017 14:15



## Concello de Ponteareas



Federación Galega de Municipios e Provincial  
r/ Varsovia, 4C  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para o seu coñecemento e para os efectos oportunos, comunícolle que a Xunta de Goberno Local, en sesión levada a cabo o día 20 de febreiro de 2017, adoptou entre outros o seguinte acordo:

### “7º) Propostas da Traballadora Social para axudas de emerxencia.

Ante Resolución da Dirección Xeral de Administración Local de nomeamento de Interventor accidental con funcións limitadas e a advertencia da Secretaria, en función do principio de seguridade xurídica e interdicción da arbitrariedade recollido na Constitución (art.9) se propón por parte do Alcalde a retirada da Orde do Día dos sete (7) expedientes de propostas de axudas de emerxencia social á espera da resposta por parte da Dirección Xeral ó escrito que lle foi remitido o 17 de febreiro de 2017, xa que se dubida da súa legalidade en tanto que a falta de cobertura en todas as súas funcións do posto de Interventor paraliza a realización das súas competencias por parte deste Concello e así se solicita que conste en acta.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade a favor dos membros presentes (7 votos a favor), acorda retirar da Orde do Día os sete expedientes de propostas de axudas de emerxencia social que de seguido se indican á espera da resposta por parte da Dirección Xeral ó escrito remitido o 17 de febreiro de 2017.

- Proposta da traballadora social do 6 de febreiro de 2017 (expte. 042/008/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo subministro de enerxía eléctrica e equipamento básico en vivenda a favor de V.M.J.
- Proposta da traballadora social do 13 de febreiro de 2017 (expte. 042/020/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo aluguer de vivenda, subministro de enerxía eléctrica e abastecemento de auga a favor de J.L.M.S.
- Proposta da traballadora social do 9 de febreiro de 2017 (expte. 042/016/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo aluguer da vivenda e subministro de enerxía eléctrica a favor de T.G.R.
- Proposta da traballadora social do 8 de febreiro de 2017 (expte. 042/017/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo aluguer da vivenda, subministro de enerxía eléctrica, gas e abastecemento de auga a favor de A.M.M
- Proposta da traballadora social do 9 de febreiro de 2017 (expte. 042/019/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo aluguer da vivenda e subministro de enerxía eléctrica a favor de C.C.Z.

Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 Pontevedra. Tfno. 986640000. Fax: 986660647


XOSÉ REPRESAS GIRALDEZ (1 para 2)  
ALCALDE  
Data de Sinatura: 24/02/2017  
HASH: edb45925e43cb46e8cbe9cb7ebb3759d



BÁRBARA VEIGA VIDAL (2 para 2)  
SECRETARIA  
Data de Sinatura: 24/02/2017  
HASH: accde1287300a0c3f8f6f3a58f5886b1



Cod. Validación: 5XWJGDYDC34ZSY2LGDWEM7YNI | Corrección: http://ponteareas.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2





## Concello de Ponteareas

- Proposta da traballadora social do 9 de febreiro de 2017 (expte. 042/018/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo aluguer da vivenda, subministro de enerxía eléctrica, gas e abastecemento de auga a favor de R.A.A.F.
- Proposta da traballadora social do 14 de febreiro de 2017 (expte. 042/022/17) de concesión de axuda económica de emerxencia social para o pago de débedas pendentes polo aluguer da vivenda a favor de G.N.H.M.

Dar traslado deste acordo á Dirección Xeral de Administración Local, a Federación Galega de Municipios e Provincias e á Deputación Provincial de Pontevedra.

Ponteareas, documento asinado dixitalmente



Concello de Ponteareas

Xardíns da Xiralda s/n, Ponteareas. 36860 Pontevedra. Tfno. 986640000. Fax: 986660647



Cod. Validación: 5XWJGDYDC34ZSY2LG6DWE7YN | Corrección: <http://ponteareas.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2